



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

A CORUÑA

Medio Ambiente

Aprobación inicial do mapa estratéxico do ruído do municipio da Coruña, 4ª fase

ANUNCIO

Información pública: aprobación inicial do Mapa Estratéxico do Ruído do municipio da Coruña

A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de data 28 de xuño do 2024, acordou aprobar inicialmente o Mapa Estratéxico de Ruído do Termo Municipal da Coruña 4ª fase, segundo o establecido na Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído, e consonte co procedemento establecido no artigo 10 da vixente Ordenanza de ruído da Coruña.

O que se fai público para que as persoas interesadas poidan presentar por escrito, dentro do prazo de UN MES seguinte ó da publicación deste anuncio, as alegacións e propostas que estimen pertinentes, para o cal poderán examinar o antedito Mapa Estratéxico presencialmente nas oficinas da Área de Medio Ambiente do Concello da Coruña, sitas na rúa Pedro Ferrer s/n (Edificio Casa da Auga, 5ª planta) durante o devandito prazo e nos días e horas hábiles (09:00 a 13:00 h), ou ben a través da web do Servizo de Medio Ambiente: www.coruna.gal/medioambiente

As alegacións e propostas poderán presentarse, ademais de en calquera dos rexistros previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, reguladora do procedemento administrativo común das Administracións públicas, a través da plataforma de “participación pública” habilitada para o efecto:

<https://www.coruna.gal/medioambiente/es/servicios/participacion-publica>

A Coruña, 28 de xuño de 2024

A Xefa de Sección de Xestión Administrativa de Medio Ambiente

Victoria E. Hurtado Chaves

2024/4662